**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**O DÍA 23/03/2026**
**(Extracto en https//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
CARLOS COIRA LOJO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
PAOLA MARIA MOCHALES

Lista de non asistentes
SONIA OUTÓN CASAL
DIEGO GARCIA SANTIAGO

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 23/03/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 16 de marzo de 2026, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2026/0850**
Dáse conta do escrito presentado por D. Jorge Miguez Paz, solicitando autorización para realizar un concerto na Rúa, no exterior do Establecemento "Bar Chirin-jito", na Rúa Alexandre Bóveda nº 26- baixo, o día 14 de marzo de 2026, en horario de 15:00 a 19:00 horas.
Dáse conta de informe favorable da Policía Local.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2026/0851**
Dáse conta de escrito presentado por D. Arturo Ramón Fajardo Piñeiro, en representación de Jose Fajardo SL, solicitando autorización parqa colocar 1 foodtruck na Rúa do Río, os días 27, 28 e 29 de marzo, en horario de 12:30 a 15:30 horas e de 18:30 a 21:30 horas, con motivo da campaña "Sabores da Ría", da Deputación Provincial de Pontevedra.
A Xunta de Goberno Local acorda denegar a autorización solicitada, ao considerar que a Rúa do Ría non é unha rúa adecuada para este tipo de actividade, por tratarse dunha rúa principalmente comercial, comunicando ao Sr. Fajardo Piñeiro que pode solicitar outra ubicación máis adecuada, se o considera oportuno.

**PRP2026/0852**
Dáse conta do escrito presentado por D. Gustavo Antonio Tojo Fernandez, en representación do IES Castro Alobre, solicitando autorización para ocupación de vía pública no Parque da Coca, o día 7 de abril de 2026, ás 10:00 horas, para a realización dun acto conmemorativo en homenase ás vitimas xitanas do holocausto e outras persecucións, con motivo da conmemoración do Día do Pobo Xitano.
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando

as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.

- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2026/0864**
Dáse conta do escrito presentado por D. Martín Paz Piñeiro solicitando que polo concello se fagan os traballos de repintado da sinalización horizontal no vao permanente situado na Rúa San Roque nº 18.
Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que conforme ao disposto no punto 3, do Art. 64 da vixente Ordenanza de Circulación, corresponde a sinalización e mantemento dos vaos permanentes ós adxudicatarios da licenza, procedendo unicamente a sinalizar o Concello cando se efectúa a sinalización completa de algunha rúa.
Previamente á realización dos traballos por Vde., no suposto de levarse a cabo, deberá poñerse en contacto coa Policía Local.

**PRP2026/0887**
Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao repintado da reserva de motocicletas existente na Rúa Arcebispo Gelmirez, á altura do nº 20, así como á colocación de pivote para que os turismos non invadan o estacionamento reservado para vehículos de dúas rodas, e a instalación de sinal vertical S17 con lenda, quedando diante unha praza de estacionamento de 5 metros.
Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

**PRP2026/0894**
Dáse conta de escrito presentado por Empresa Pereira S.L. con N.° de Registro WEB2026001761 no que solicita que se pinte no lugar que indica en Santa María de Guillán unha marca vial amarela para evitar a obstaculización do paso de autobuses.
Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que acoden ao lugar e compróbase que na calzada hai un poste de madeira xusto no vértice dunha curva, posiblemente destinado ao cableado telefónico, que entorpece a circulación de vehículos de gran tamaño. Que ademais, no lado oposto da calzada onde atópase situado o poste de madeira (inmoble nº 41), é habitual que estacionen vehículos que obstaculizan o paso de autobuses.
Realízase medición da calzada, habendo 5,2 metros de ancho de calzada no punto onde se atopa o poste e 6 metros de ancho de calzada na zona máis próxima á curva.
Consideran procedente que se proceda á retirada do poste situado na calzada ao constituír un risco para a circulación de vehículos ao tratarse dun obstáculo no medio da vía. Ademais, tamén sería recomendable establecer a prohibición de estacionar na marxe oposta a vía onde está situado o poste, mediante marca viaria amarela continua, para evitar a obstrución da circulación de autobuses.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda requirir a Telefónica de España SA para que proceda á maior brevidade á retirada do poste indicado, que se atopa situado na calzada, en Rúa Santa María de Guillán nº 41.

**PRP2026/0901**
Dáse conta de escrito presentado por D. Cristian Dobre, solicitando autorizacón para dispor dun espazo en Vilagarcía de Arousa para instalar un contedor acondicionado, destinado á actividade de asador de polos, preparación e venda de comida para levar.
Visto o informe do Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, podería presentar a súa solicitude para exercer a actividade nas Festas do verán (Santa Rita e San Roque), debendo cumprir estrictamente o Réxime Alimentario, Regulamento 852/2004, Hixiene Alimentaria, Real Decreto 1021/2022, Alta correspondente no REGASA, Decreto 74/2025,

de 4 de agosto.

**PRP2026/0957**
Dáse conta do escrito presentado por D. Mariano Dos Santos Dos Santos, solicitando autorización para instalar un inchable no Parque da Xunqueira, do 27 de marzo ao 5 de abril de 2026, con motivo da Semana Santa.
Visto o informe da Policía Local, debendo axustarse ás seguintes condicións:
• Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
• Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
• Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
• Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
• A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
• Deberá estar en posesión da documentación da documentación pertinente para exercer dita actividade.
Dar conta ao Departamento de Rendas.

## BENESTAR SOCIAL

### BENESTAR SOCIAL

**PRP2026/0918**
Vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o RECOÑECEMENTO DA OBRIGA a favor do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en concepto de aportación do 26,67% do custo do servizo do Programa Xantar na casa correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2025, por un importe de 4.409,16 €, con cargo á partida 231.22611.

**PRP2026/0921**
Vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Ramón Molina Gómez para o desenvolvemento do proxecto "Patios Inclusivos en Centros de Educación Primaria", que inclúe deseño e elaboración de guía dixital, coordinación cos centros, sesións e asesoramento e informes avaliativos, por un importe total de 4.598,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.22610.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0922**
Dende a área de Servizos Sociais dáse conta da presentación da xustificación do proxecto anual 2025 respecto transferencia finalista do cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios (plan concertado 2025- EXPTE BS623-A-2025/000307-0) en data 11/03/2025 con números de rexistro en sede electrónica da Xunta de Galicia:
- ENTRADA 13013 / RX 716649
- ENTRADA 613022 / RX 716657
- Memoria descriptiva da Avaliación do Proxecto Anual do CSSC de Vilagarcía de Arousa.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2026/0948**
Sobre a solicitude á Consellería de Política Social de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios de titularidade municipal (Plan Concertado), dende a Área de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto 99/2012, do 16 de marzo (D.O.G. nº 63 do 30 de marzo de 2012), pola que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e o Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica (DOG nº 228, de 27 de novembro de 2014); e preséntanse para a súa aprobación o financiamento a solicitar nos seguintes termos:
PRIMEIRO. Solicitar á Consellería Política Social, segundo se reflicte no rexumo xeral do anexo V, a transferencia finalista para o financiamento de:

| | | |
|---|---|---|
| PERSOAL | 215.323,00 € | |
| MANTEMENTO | 0,00 € | |
| AXUDA NO FOGAR | Modalidade Prestación Básica | Modalidade Dependencia |
| | 20.000,00 € | 1.050. 048,00€ |
| XESTIÓN DE PROGRAMAS | 186.911,80 € | |
| INVESTIMENTO | 0,00 € | |
| TOTAL SOLICITADO | 1.472.282,80 € | |

Facendo constar que os Servizos Sociais Comunitarios séguense a prestar nas mesmas condicións que o ano anterior.
SEGUNDO: O Concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes á súa achega, da seguinte maneira:

| | | |
|---|---|---|
| PERSOAL | 602.980,97 € | |
| MANTEMENTO | 20.000,00 € | |
| AXUDA NO FOGAR | Modalidade Prestación Básica | Modalidade Dependencia |
| | 119.953,80 € | 548.275,96€ |
| XESTIÓN DE PROGRAMAS | 1.392.826,18 € | |
| INVESTIMENTO | 0,00 € | |
| TOTAL COFINANCIADO | 2.684.036,91 € | |

TERCEIRO: En consecuencia, O ORZAMENTO TOTAL para o proxecto presentado dos Servizos Sociais Comunitarios do ano 2025 é o seguinte:

| | | |
|---|---|---|
| PERSOAL | 896.893,54 € | |
| MANTEMENTO | 20.000,00€ | |
| AXUDA NO FOGAR | Modalidade Prestación Básica | Modalidade Dependencia |
| | 139.953,80 € | 1.598.323,96 € |
| XESTIÓN DE PROGRAMAS | 1.579.737,98 € | |
| INVESTIMENTO | 0,00 € | |
| TOTAL | 4.338.640,81 € | |

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios de titularidade municipal (Plan Concertado).

## EMPREGO

**PRP2026/0943**
Por resolución ditada o 14 de setembro de 2022, ao amparo Real Decreto 1073/2021, do 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas ao financiamento do Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, ao Concello de Vilagarcía foille concedida subvención por contía de 2.490.852,00 € para os eixos e actuacións que constan na mesma.
Por resolución do 14 de setembro de 2025 acórdase prorrogar o prazo de execución ata o 30 de maio de 2026, sendo a data límite de xustificación o 30 de xuño de 2026.
Por resolución do 11 de marzo de 2026, autorízase a modificación substancial presentada para o

Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa” nos termos solicitados dende o Concello

Dáse conta da Resolución de 11 de marzo de 2026 da Secretaría de Estado de Turismo, remitida ao Concello, vía mail, o 12 de marzo de 2026, modificadora da Resolución de 14 de setembro de 2022 pola que se concede ao Concello de Vilagarcía una subvención directa por contía de 2.490.852,00 € dentro do Plan de Sostenibilidade Turística en Destino.

A resolución modificadora resolve:

Autorizar la modificación sustancial presentada para el Plan de Sostenibilidad Turística en Destino “PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa”, que queda redactado en los siguientes términos.

ANEXO

Serán subvencionables las siguientes actuaciones (que se llevarán a cabo dentro del correspondiente eje de actuación) detallándose los importes y anualidades:

| | | | |
|---|---|---|---|
| Concello de Vilagarcía de Arousa | | | |
| Cuadro Programación actuaciones | | | |
| Ejes programáticos | | Actuaciones | Total |
| Eje 1. Transición verde y sostenible | 1 | Restauración ambiental de enlace Vía Verde para prox. enlace a ciclovía | |
| | | Total EJE 1 | 245.000,00€ |
| Eje 2. Mejora de la Eficiencia Energética | 1 | Renovación de alumbrado en paseo peatonal de playas, espacios de ocio y parques en Camino de Santiago y áreas ciclovías | |
| | | Total EJE 2 | 579.000,00€ |
| Eje 3. Transición Digital | 1 | Desarrollo de una app y contenidos multimedia | |
| | 2 | Oficina de turismo digital e inteligente (Smart CRV) | |
| | | Total EJE 3 | 314.000,00€ |
| Eje 4 Competitividad | 1 | Acondicionamiento de parkings disuasorios en colaboración con el sector | |
| | 2 | Acondicionamiento para uso turístico de parcela O Ramal 6,800m2 | |
| | 3 | Oficina técnica para asesoramiento durante el proceso de elaboración, ejecución y gestión de la estrategia | |
| | | Total Eje 4 | 1.352.852,00 € |
| TOTAL | | | 2.490.852,00€ |

Polo exposto a Xunta de Goberno Local queda sabedora da modificación da Resolución de 14 de setembro de 2022 pola que se concede ao Concello de Vilagarcía unha subvención directa por contía de 2.490.852,00.€ dentro do Plan de Sostenibilidade Turística en Destino, nos termos anteditos.

Dar traslado ao departamento de intervención a efectos de que se leven a cabo as modificacións do proxecto de gasto e, de ser o caso, os axustes contables correspondentes.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

**PRP2026/0904**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto do Programa Pedagóxico e de Masterclasses da IX edición do Festival Internacional de Música clasclás 2026 que se relacionan de seguido por un importe total de 2.500,00 € e con cargo á partida 3261.22606 do Proxecto con código 2026-3-CRRTE-5-1 desagregadas tal e como segue:

Primeiro.- Masterclass de Frauta a cargo de André Cebrián Garea con Pasaporte PAI234683 por un importe total de 500,00 €.

Segundo.- Masterclass de a Musette Barroca, a cargo de Nadia Vázquez Martínez con NIF 35583936S por un importe total de 500,00 €.

Terceiro.- Masterclass de Trombón, a cargo de Jon Eric Etterbeek, con NIE X1816781B por un importe total de 500,00 €.

Cuarto .- Masterclass de Trompeta, a cargo de Juan Lois Diéguez, con NIF 76931339L por un importe total de 500,00 €.
Quinto.- Masterclass de Violín, a cargo de Massimo Spadano, con NIE X2124251V por un importe total de 500,00 €.

**PRP2026/0906**
A Biblioteca Municipal leva a cabo actividades de dinamización cultural, co obxectivo de achegarlle á cidadanía a lectura e a información dunha maneira lúdica e atraente. A realización destas actividades permite, en moitos casos, un primeiro acercamento á Biblioteca e o coñecemento dos seus servizos.
A actividade que se propón ten as seguintes características:
- 27 de marzo (venres): "Obradoiro de títeres: Títeres na Mesa", co gallo do Día do Teatro, a cargo da compañía Teatro Babaluva. Ás 18:00 h. na Sala Infantil da Biblioteca, para 15 participantes (inscrición previa). Dirixido a nenos e nenas entre 7-12 anos. 90´de duración aprox.

Vista a proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Miren Mirari Urruzola Tolosa, con DNI 35768471K, por un importe total de 440,00 euros (IVE incluido), con cargo á partida 3321.22609, para a realización da actividade dinamizadora, programada na Biblioteca Municipal para o próximo 27 de marzo, co gallo do Día do Teatro.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0908**
A Biblioteca Municipal leva a cabo actividades de dinamización cultural, co obxectivo de achegarlle á cidadanía a lectura e a información dunha maneira lúdica e atraente. A realización destas actividades permite, en moitos casos, un primeiro acercamento á Biblioteca e o coñecemento dos seus servizos.
A actividade que se propón ten as seguintes características:
- 25 de abril (sábado): Narración oral con obxectos e monicreques "Travesías. Aventuras de libro", co gallo do Día do Libro, a cargo da narradora Raquel Queizás. Ás 12:00 h. na Sala Infantil da Biblioteca, con entrada de balde ata completar aforo. Dirixido a nenos e nenas a partir de 3 anos. 50´de duración aprox.

Vista a proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Raquel García Rodríguez, con DNI 44463265X, por un importe total de 495,00 euros (IVE incluido), con cargo á partida 3321.22609, para realización da actividade dinamizadora, programada na Biblioteca Municipal para o próximo 25 de abril, co gallo do Día do Libro.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0951**
O xoves 26 de marzo de 2026 levarase a cabo en Vilagarcía de Arousa a II edición da actividade “Matemáticas na rúa e en galego”, unha xornada organizada polo profesorado de Educación Matemática do IES O Carril, coa colaboración da Concellería de Educación do Concello de Vilagarcía de Arousa e de AGAPEMA.
Esta actividade ten como finalidade achegar as matemáticas á cidadanía a través de propostas lúdicas e participativas en espazos públicos, promovendo ao mesmo tempo o uso da lingua galega no ámbito científico e educativo.
Nesta edición participarán os seguintes centros educativos de educación primaria e secundaria:

- IES Castro Alobre
- IES Armando Cotarelo Valledor
- IES O Carril

- CEIP de Rubiáns
- CEIP Arealonga
- CPR Sagrada Familia

O Concello colaborará na organización da actividade mediante a habilitación dos espazos públicos onde se desenvolverá a xornada (Praza de Galicia e Praza da Peixería), a disposición do material loxístico necesario, a coordinación cos distintos axentes implicados e o apoio económico para facilitar a participación dos centros educativos máis afastados do lugar de celebración.
Neste sentido, o Concello asumirá o custo do desprazamento do alumnado do CEIP de Rubiáns e do IES O Carril, por seren os centros educativos situados a maior distancia do espazo onde se desenvolverá a actividade, sendo no caso do IES O Carril unicamente no suposto de que as condicións meteorolóxicas obriguen a realizar o traslado en autobús.
Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente ao servizo de transporte para o traslado do alumnado do CEIP de Rubiáns e do IES O Carril, a realizar pola empresa Empresa Pereira S.L., con CIF B36030997, por importe de 818,18 € máis o 10 % de IVE, o que supón un total de 900,00 €, con cargo á partida 320.223.
Si as condición meteorolóxicas son favorables e o permiten, o IES O Carril se desprazaría a pé, polo que a factura se reduciría a un único vehículo que transpostaría ao CEIP Rubiáns.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**MERCADOS**

**PRP2026/0929**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Araceli Rey Fontenla, en representación da Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía, e Dona Mónica Suárez Mosquera, en representación da Asociación da APAV da Praza de Abastos de Vilagarcía solicitando autorización para apertura da Praza de Abastos o día 2 de abril (Xoves Santo), así como o cambio do mercado, do sábado 25 de xullo ao venres 24 de xullo, por coincidir o sabado en festivo.
Visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

**PRP2026/0930**
Dáse conta do escrito presentado por IVANESSA GENS BLANCO, con NIF 35481452L, solicitando se lle conceda en réximen de aluguer, o postos no 5-6, da zona H, exterior, da praza de abastos de Vilagarcia de Arousa, para exercer a actividade de venta de PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN, asi como bebidas para levar.
Dáse conta do informe do Servizo de Mercados, no que se indica:
Efectivamente os postos no 5-6, exterior, da zona H da praza de abastos de Vilagarcia de Arousa, se encontran na actualidade libre de adxudicación, por baixa da anterior concesionaria, acordado en Xunta de Goberno Local de data 03/02/2025.
O Artigo 20, en seu punto 3, do Regulamento das Prazas de Abastos do Concello de Vilagarcia de Arousa, aprobado en sesión plenaria de 26 de Xaneiro de 2023, di que no caso de postos vacantes, en tanto non sexan obxeto de concesión, a Xunta de Goberno Local poderá outorgar autorizacións provisionais (dous anos prorrogables por outros dous) de carácter revogable, mediante arrendamento ou concerto.
Non obstante en canto á actividade solicitada, deberá aportar un croquis ou planos, con unha memoria, para valorar que as necesidades de infraestructura do posto, como pode ser electricidade, neveras, acondicionamento en xeral, estanterías, etc, encaixan co perfil do posto e autorización da actividade que pretende exercer.
Á vista do anterior, e en base ao Artigo 20, en seu punto 3, do Regulamento das Prazas de Abastos, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle AUTORIZACIÓN provisional, en réximen de aluguer, dos postos nº 5-6, exterior, zona H, da praza de abastos de Vilagarcia de Arousa, a

IVANESSA GENS BLANCO, para a actividade solicitada, nas condicións que indica o Regulamento. Condicionado a valorar que a memoria e planos que aporte encaixe nas condicóns e infraestructura dos postos para o exercicio da actividade solicitada. Unha vez valorado deberá estar en posesión de toda a documentación que lle acredite para exercer a venta na Praza de Abastos, desta actividade e procederase a dala  de alta no PADRÓN DE MERCADOS.

**PRP2026/0931**
Dáse conta do escrito presentado por D. JUAN CARLOS PIÑEIRO CAMBRE, con NIF 35490283H, solicitando se lle conceda en réximen de aluguer, o posto no 8, da zona H, exterior, da praza de abastos de Vilagarcia de Arousa, para exercer a actividade de venta de velas artesanais e produtos de cerería, asi como o adecentamento de posto, para esta actividade, do cal achega memoria e planos.
Dáse conta do informe do Servizo de Mercados, no que se indica:
Efectivamente o posto no 8, exterior, da zona H da praza de abastos de Vilagarcia de Arousa, se encontran na actualidade libre de adxudicación, por baixa do anterior concesionaria, acordado en Xunta de Goberno Local de data 26/01/2026.
O Artigo 20, en seu punto 3, do Regulamento das Prazas de Abastos do Concello de Vilagarcia de Arousa, aprobado en sesión plenaria de 26 de Xaneiro de 2023, di que no caso de postos vacantes, en tanto non sexan obxeto de concesión, a Xunta de Goberno Local poderá outorgar autorizacións provisionais (dous anos prorrogables por outros dous) de carácter revogable, mediante arrendamento ou concerto.
A actividade solicitada está dentro das permitidas na ubicación do posto que solicita.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle AUTORIZACIÓN provisional, en réximen de aluguer, do posto nº 8, exterior, zona H, da praza de abastos de Vilagarcia de Arousa, a D. JUAN CARLOS PIÑEIRO CAMBRE, para a actividade solicitada. Deberá estar en posesión de toda a documentación que lle acredite para exercer a venda na Praza de Abastos, desta actividade.
Dar de alta no Padrón de Mercados.
En canto as actuacións a realizar para o acondicionamento do posto, según memoria presentada e planos, consultado cos técnicos, se terán en conta as seguintes matizacións:
Non se permite a anulación da instalación de auga existente.
A colocación de dous enchufes de superficie no mostrador e instalación de novo punto de luz, non existen inconviente, sempre supervisado por un técnico electricista.
O revestimento do azulexo existente, pintura do teito, paredes do local, colocación de pavimento vinílico sobre o solo, colocación de rótulo no frontal interior; non existe inconvinte. A sustitución de encimera do mostrador e instalación de estanterías, se fará según plano.

## POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

### RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL - CONSUMO

**PRP2026/0932**
Dáse conta de informe sobre as actividades da OMIC durante o ano 2025, do que se desprende que se atenderon un total de 1.798 consultas e reclamacións, tanto de maneira presencial con horario de luns, mércores e venres, de 8:30 a 14:00 horas, como a través de teléfono de luns a venres no mesmo horario. Das citadas reclamacións e consultas 1.500 corresponden ao sector servizos e 295 ao sector produtos.Indica así mesmo que se realizan consultas e reclamacións de persoas tanto do Concello de Vilagarcía de Arousa como de outros Concellos (Vilanova de Arousa, Illa de Arousa, Caldas de Reis, Catoira, Valga, Meis, Portas, Ribadumia, Cambados, etc).
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### MULLER E PERSOAS MAIORES

**PRP2026/0903**
O Consello Local das Persoas Maiores propuxo, na reunión mensual con representantes do

Concello, a organización dunha excursión a Extremadura. Dada a política de envellecemento activo desenvolta por esta Área e o nivel económico dos usuarios de esta Área de Maiores, proponse a contratación do aluguer dun autobús e dos gastos dun/ha guía-acompañante á empresa organizadora da excursión.
Vista a proposta da Área de Persoas maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por VIAXES CARBALLO GALICIA (MARIA CALVO CASANOVA NIF 47350728F), para o Servizo de aluguer dun autobús con capacidade para 55 prazas e os gastos correspondentes da persoa guía-acompañante dende o día 26 o día 30 de abril de 2026, por un importe total de 5.610,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2313.22610.
Acórdase aprobar os requisitos que deberán cumprir os solicitantes, así como o prazo de inscrición presencial, do 24 de marzo ao 8 de abril (ambos incluídos), en horario de 9:00 a 13:00 horas.
Fáise constar o seguinte:
Quedan reservadas sen sorteo, as 3 primeiras filas do autobús para o Consello Local de Persoas Maiores, ao seren as persoas responsables da organización do grupo.
So se poderá presentar una solicitude por persoa (solicitante e acompañante) en concepto de reserva, e terán preferencia as persoas que non viaxaran o ano anterior.
